



NOTA DE PRENSA

CONCELLO DE NEDA

O escritor Antonio Polo presenta este venres Neda o seu novo poemario *La vida en las calles/ A vida nas rúas*

O cita co autor, veciño da localidade dende hai varios anos, terá lugar na Casa das Palmeiras

Neda, 15 de xaneiro do 2024. A Casa das palmeiras acollerá este venres, a partir das 19 horas, a presentación en Neda do novo libro de Antonio Polo González. O autor gaditano, afincado dende hai uns anos na vila, vén de publicar o poemario *La vida en las calles/ A vida nas rúas*.

O escritor e fundador da Revista Cultural Ariadna, unha das publicacións literarias online máis veteranas do país, presenta nesta obra unha colección de poemas inspirados en rúas que, polo que sexa, lle chamaron a atención, tanto da súa cidade natal como de Galicia.

Trátase dun traballo que arrincou xusto cando estourou a pandemia de covid, e que finalizou xa afincado na Cobeluda, en Neda, onde chegou no ano 2021, quedando impactado pola paisaxe de Galicia, non só polo verde e pola súa costa senón tamén pola paisaxe rural de pequenos núcleos diseminados.

O pintor José Ángel Fernández Colón, e o filósofo Juan Alberto Sucasas acompañarán na presentación literaria deste venres a Antonio Polo, gañador do Premio de Poesía «Hernán Esquíó» 2022, outorgado pola Sociedad Artística Ferrolana.

Con *La vida en las calles/A vida nas rúas*, o autor, que ten participado en proxectos colectivos de poesía e de relatos como *Quince líneas* e *Lavapiés* e ten publicado libros como *La vida en Hermenauta*, *A los cuatro vientos*, *Huevos revueltos* ou *Volutas de humo*, iníciase na escrita en galego. Así, a veintena de poemas que integran a publicación aparecen recollidos en castelán e na súa versión na lingua propia da nosa terra.

Antonio Polo González, director do club de lectura da Universidade Sénior da Coruña e integrante do de Neda, está inmerso xa na escritura dun poemario inspirado na auga.

Saúdos do Gabinete de Comunicación